

Artigo 11. Xustificación do cumprimento e controis.

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a cal foron concedidas, e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e forma que determine a autoridade que as outorgou, sen prexuízo dos controis, administrativos ou sobre o terreo, que poida realizar a autoridade competente.

Artigo 12. Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos previstos no artigo seguinte.

2. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que tiver podido incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de devolución, se esta se tiver aboado, do importe percibido incrementado co interese de demora legalmente establecido, desde o momento do seu aboamento.

Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do interese de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 13. Deber de información.

As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas o ano anterior.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Normativa aplicable.

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para a aplicación e cumprimento deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación das solicitudes.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 9 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO**Requisitos e funcionamento dos organismos independentes de control**

Os organismos independentes de control deberán reunir os criterios establecidos na norma ISO/IEC 17020, cun alcance que inclúa a inspección dos sistemas de auto-control dos mercados, e deberán dispor da oportuna acreditación expedida pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) regulada no capítulo II, sección 2.^a, do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguranza industrial aprobado polo Real decreto 2200/1995, ou calquera outra entidade de acreditación membro de EA.

De forma transitoria os organismos independentes de control que tiveren solicitado a correspondente acreditación poderán ser autorizados provisoriamente mediante resolución do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por un período máximo de até dous anos despois da entrada en vigor deste real decreto, en tanto obteñen a acreditación, logo de solicitude e presentación da seguinte documentación:

1. Xustificación da competencia técnica para realizar a tarefa mediante:

- a) Organigrama.
- b) Persoal inspector (número).
- c) Educación inicial, formación e adestramento, coñecementos técnicos e experiencia adecuados.

2. Identificación legal do organismo.
3. Seguro de responsabilidade adecuado.
4. Tarifas.

5. Métodos e procedementos de inspección adecuados.

6. Tipo ou modelo de informe de inspección que conteña, ao menos, os resultados dos exames e determinacións, así como toda a información necesaria para comprendelos e interpretalos.

Obrigas:

Os organismos independentes de control deberán conservar para a súa posible consulta polas autoridades competentes, durante un prazo de cinco anos, os expedientes, documentación e datos dos controis realizados e dos informes emitidos.

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

4368 *RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dispón a publicación dos regulamentos especiais número 5, número 12 e número 13, da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. («BOE» 53, do 2-3-2007.)*

De conformidade co establecido no Convenio de París do 22 de novembro de 1928 e en modificacións posteriores, esta Secretaría Xeral Técnica dispuxo, para a debida vixencia e cumprimento daquel, a publicación dos regulamentos especiais número 5, número 12 e número 13 da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. O Goberno tivo coñecemento destes regulamentos na reunión do

Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007 e publícanse agora, para xeral coñecemento, como anexo a esta resolución.

Madrid, 8 de febreiro de 2007.– O secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Francisco Fernández Fábregas.

ANEXO PRIMEIRO

Exposición Internacional de Zaragoza 2008

REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 5

Relativo ao aloxamento para o persoal das seccións oficiais estranxeiras

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento especial é, conforme os artigos 9 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008, proporcionar información acerca do aloxamento para o persoal das seccións nacionais dos países e das organizacións internacionais que aceptasen a invitación do Goberno Español (en diante «participantes oficiais») para participar na Exposición Internacional de 2008 (en diante «a Exposición»).

Artigo 2. *Asistencia aos participantes oficiais en materia de aloxamento.*

A «Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008» (en diante «a Organizadora»), prestará asistencia e información aos participantes oficiais en todo o relacionado ao aloxamento do seu persoal.

Artigo 3. *Aloxamento para participantes oficiais proporcionado pola Organizadora.*

A Organizadora pon ao dispor dos participantes oficiais vivendas novas a estrear. Ademais ofreceranse os servizos de limpeza e lavandaría, vixilancia e transporte ao recinto da Exposición.

Para os comisarios de sección, a Organizadora porá ao seu dispor vivendas, preferentemente nas proximidades do recinto da Exposición e dunha calidade superior. Ofreceranse servizos de limpeza e lavandaría, vixilancia e transporte ao recinto.

Artigo 4. *Procedemento para solicitude de aloxamento.*

A Organizadora editará unha guía de aloxamento para os participantes oficiais, na cal se incluírá información completa acerca do número e tipo de aloxamentos, situación, servizos básicos e opcionais, procedementos para amoblar as vivendas e o modelo de contrato de cesión do uso destas. A guía irá acompañada do modelo de solicitude de aloxamento e a forma de tramitála.

O participante oficial deberá cubrir o modelo de solicitude de aloxamento e enviala á Organizadora para que esta reciba a solicitude non máis tarde do 14 de xuño do 2007.

A Organizadora notificará a recepción da solicitude de aloxamento tan axiña como estea no seu poder. En caso de a Organizadora observar erros na solicitude ou números incompletos solicitaralle ao participante oficial que os emende nun prazo máximo de 15 días contados a partir da data de notificación.

Os participantes oficiais, unha vez que acepten o aloxamento proposto pola Organizadora, asinarán con esta un contrato para obter a cesión de uso ao menos 6 meses antes do primeiro día en que teñan prevista a súa ocupación.

Artigo 5. *Outros tipos de aloxamento.*

Os participantes oficiais poderán buscar e utilizar calquera outro tipo de aloxamento distinto das vivendas que a Organizadora pon ao seu dispor.

Os participantes oficiais que decidan utilizar outro aloxamento que non sexa o que a Organizadora pon ao seu dispor poderán recibir asistencia e realizar reservas por medio da «Axencia de viaxes receptora» oficial da Organizadora (Official incoming travel agency).

ANEXO SEGUNDO

Exposición Internacional de Zaragoza 2008

REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 12

Relativo ás disposicións sobre a admisión ao recinto

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento especial é, de acordo co previsto no artigo 30 e no artigo 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008 (en diante, «Regulamento Xeral» e «Exposición», respectivamente), o de regular os aspectos relativos ás condicións de entrada no recinto, o horario de apertura ao público e as materias relacionadas coa admisión de persoas, animais e vehículos no recinto da Exposición.

Artigo 2. *Cumprimento da lei e os regulamentos.*

Os participantes e visitantes deberán cumprir o Regulamento xeral, os regulamentos especiais, as guías de desenvolvemento da Exposición Internacional Zaragoza 2008 e as lexislacións española e europea en canto afecten a admisión, estada e permanencia no recinto.

Artigo 3. *Horario de apertura.*

3.1 Os horarios de apertura da Exposición durante o período comprendido entre o 14 de xuño e o 14 de setembro de 2008 serán os seguintes:

- a) Horario de apertura de pavillóns: de 10.00 a 22.00 horas.
- b) Horario de apertura do recinto: de 09.30 a 03.00 horas.
- c) Horario de apertura de servizos: de 10.00 a 03.00 horas.

A Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008 (en diante, «a Organizadora») poderá, en caso necesario, restrinxir o acceso a certas áreas do recinto.

3.2 A Organizadora poderá, en caso de necesidade ou por razóns de seguranza, cambiar os horarios de apertura do recinto ou das diferentes instalacións que se encontren nel.

3.3 En todo caso, os cambios mencionados no parágrafo anterior soamente se poderán efectuar logo de autorización por parte do comisario da Exposición e despois de notificalo aos participantes.

3.4 A Organizadora poderá, se o coida necesario para a boa orde e seguranza da Exposición, restrinxir o acceso de visitantes ao recinto dela.

Artigo 4. Admisións ao recinto da Exposición e convites gratuítos para os participantes oficiais.

Só se lles permitirá o acceso ao recinto da Exposición ás persoas en posesión dun ticket de entrada ou unha acreditación expedida pola Organizadora.

A Organizadora comprométese a fornecer todos os participantes oficiais dunha certa cantidade de convites gratuítos durante a celebración da Exposición e, do mesmo modo, de convites gratuítos para o Día Nacional de cada un deles.

Artigo 5. Portas de entrada ao recinto da Exposición.

5.1 O acceso ao recinto da Exposición para os visitantes en xeral realizarase unicamente polas portas de acceso establecidas con este propósito. Estas portas abriranse e fecharanse consonte os horarios establecidos no artigo 3.

5.2 O acceso ao recinto da Exposición para o persoal dos participantes e concesionarios, así como o resto do persoal destinado na Exposición, realizarase soamente a través das portas de servizo establecidas con este propósito. As portas de servizo permanecerán abertas en todo momento.

5.3 Establecerase un acceso especial para a admisión de visitantes oficiais e personalidades.

Artigo 6. Acceso de vehículos.

6.1 Só os vehículos que contén cunha acreditación expedida pola Organizadora poderán acceder ao recinto da Exposición.

6.2 Os vehículos que accedan ao recinto da Exposición deberán facelo soamente a través das entradas especificadas pola Organizadora.

6.3 Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, os vehículos de emerxencia e aqueles outros que determine a Organizadora poderán circular polo recinto da Exposición.

CAPÍTULO II

Entradas

Artigo 7. Entradas.

7.1 Só os visitantes en posesión dunha entrada expedida pola Organizadora poderán acceder ao recinto da Exposición. Os prezos de admisión serán determinados pola Organizadora.

7.2 A Organizadora determinará e publicará as diferentes categorías de entradas, así como os termos e condicións de expedición, venda e utilización.

7.3 No interior do recinto da Exposición non se cobrará ningunha tarifa especial de entrada, salvo que resulte necesario para controlar a afluencia. A Organizadora poderá establecer cotas ou entradas especiais para zonas ou actos determinados, despois de autorización da Oficina Internacional de Exposicións (en diante OIE).

Artigo 8. Venda de entradas.

As entradas serán expedidas directamente pola Organizadora ou a través dos axentes ou operadores designados por esta.

Artigo 9. Convites.

Os convites serán expedidos unicamente pola Organizadora.

Artigo 10. Devolucións.

A Organizadora non está obrigada a devolver o prezo das entradas. Só se a Exposición for cancelada por razóns

de que a Organizadora sexa responsable se devolverá o prezo da entrada, precedendo a remisión desta á Organizadora.

CAPÍTULO III

Acreditacións

Artigo 11. Expedición de acreditacións.

11.1 A Organizadora expediralles acreditacións aos comisarios de sección, comisarios adxuntos e directores de pavillón para que poidan acceder ao recinto.

11.2 As persoas que se especifican a seguir, e calquera outra que queira ser acreditada, deberanlle solicitar a acreditación á Organizadora. Unha vez recibida a solicitude, a Organizadora poderá, se o considera necesario, expedir unha acreditación ao solicitante. Estas acreditacións serán persoais e intransferibles, e nelas figurarán os datos persoais suficientes para a súa identificación e o prazo de vixencia.

(1) Empregados da Organizadora ou os participantes.

(2) Persoal de empresas contratadas pola Organizadora ou os participantes que presten servizos no recinto.

(3) Artistas e outro persoal participante en acontecementos especiais.

(4) Xornalistas e outros representantes dos medios.

11.3 A Organizadora poderá, se o considera necesario, e co visto e prace do comisario da Exposición, expedirlles acreditacións ao persoal dos organismos oficiais ou outras personalidades que precisen acceder ao recinto para desenvolver os seus labores oficiais.

11.4 As persoas acreditadas deberán devolver as súas acreditacións cando expire a súa validez ou por calquera outra razón en que así se solicite por parte da Organizadora.

11.5 No caso de perda ou furto da identificación deberase comunicar á Oficina de Acreditación, cuxos servizos procederán á anulación do citado documento e á súa reposición.

11.6 As acreditacións deberanse levar de forma ben visible en todo momento en canto se permaneza dentro do recinto da Exposición.

11.7 Para os efectos de facilitar o funcionamento e seguimento da Exposición, a Organizadora levará un rexistro de todas as acreditacións e entradas a que se refire este artigo.

Artigo 12. Acreditación de vehículos.

Para a acreditación de vehículos aplicaranse as disposicións descritas no artigo precedente.

CAPÍTULO IV

Medidas de seguranza no interior do recinto da Exposición

Artigo 13. Medidas de seguranza.

A Organizadora adoptará as medidas necesarias para previr a entrada de animais, substancias perigosas, etc. no recinto da Exposición.

Artigo 14. Facultades disciplinarias.

14.1 A Organizadora vixiará o mantemento da seguranza do recinto e o respecto ás leis e regulamentos na admisión e permanencia de visitantes, impedindo a daqueles que pola súa conduta alteren a boa orde e a harmonía do recinto.

14.2 Nos accesos ao recinto, a Organizadora establecerá os adecuados procedementos de control e identificación, de acordo co disposto nas normativas sobre seguraza.

14.3 As persoas que se encontren no interior do recinto mostrarán a súa acreditación ou entrada e os seus documentos de identidade por requirimento dos empregados da Organizadora debidamente acreditados.

ANEXO TERCEIRO

Exposición Internacional de Zaragoza 2008

REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 13

Condicións sobre a concesión de premios

Artigo 1. *Obxectivo.*

De acordo cos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 (en diante «Regulamento xeral» e «Exposición», respectivamente), o obxectivo deste regulamento é explicar os termos relativos á concesión de premios ás mellores realizacións de participantes oficiais en relación co tema da exposición «Auga e Desenvolvemento Sustentable».

Artigo 2. *Conformidade con leis e regulacións aplicables.*

Os participantes oficiais deberán cumprir tanto co Regulamento xeral, regulamentos especiais, a lexislación española pertinente e calquera outra instrución ou directiva suplementaria emanada desde a Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008 (en diante «a Organizadora») que estea en concordancia cos regulamentos xeral e especiais da Exposición.

Artigo 3. *Premios.*

A Organizadora outorgará nove premios aos mellores pavillóns: tres para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m²; tres para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m²; tres para categoría C, de participantes integrados en pavillóns colectivos e que carezan de acceso independente. Os criterios de selección dos premios atenderán á interpretación do tema e subtemas da Exposición, calidade e innovación da instalación expográfica, deseño arquitectónico e integración dos valores ambientais na solución final do pavillón.

A Organizadora outorgará tres premios especiais á interpretación do tema e subtemas da Exposición: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m²; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m²; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará tres premios especiais entre os países participantes como recoñecemento aos pavillóns máis destacados pola calidade e innovación da instalación expográfica: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m²; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m²; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará tres premios especiais entre os países participantes como recoñecemento aos pavillóns máis destacados polo deseño arquitectónico: un para categoría A, de pavillóns de máis de 500 m²; un para categoría B, de pavillóns inferiores a 500 m²; un para categoría C, de participantes en pavillóns colectivos.

A Organizadora outorgará un premio especial entre os participantes oficiais como recoñecemento ao pavillón que forneza as mellores solucións ambientais no seu deseño, construción e operación.

A Organizadora outorgará dous premios entre o resto de participantes non oficiais como recoñecemento aos pavillóns máis destacados.

Artigo 4. *Decisión do xurado.*

A adxudicación dos premios estará suxeita ás deliberacións do xurado, tal e como se define no artigo 5, cuxa decisión será irrevogable.

Artigo 5. *Composición do xurado.*

O xurado estará composto polos seguintes membros:
O presidente da Oficina Internacional de Exposicións (en diante OIE).

O secretario xeral da OIE.

Cinco membros nomeados pola Organizadora entre personalidades con reputación internacional e carácter multidisciplinar nos campos relativos ao tema e subtemas da Exposición. Estes membros non representarán os seus respectivos países e actuarán unicamente en calidade propia.

Dous membros recomendados pola OIE e nomeados pola Organizadora entre personalidades con reputación internacional e carácter multidisciplinar nos campos relativos ao tema e subtemas da Exposición. Estes membros non representarán os seus respectivos países e actuarán unicamente en calidade propia.

Un membro do xurado podería ceder o seu mandato en caso de forza maior a outro membro elixido, de maneira que este representaría o primeiro.

Artigo 6. *Organización do xurado.*

O presidente será elixido de entre os membros do xurado.

As reunións do xurado deberán ser convocadas pola Organizadora.

O xurado visitará en dúas ocasións os diferentes pavillóns.

Os membros do xurado están obrigados a respectar a confidencialidade das deliberacións.

A proclamación dos gañadores dos premios deberase realizar antes da finalización da Exposición.

Artigo 7. *Gratificacións.*

As gratificacións non serán en ningún caso de natureza monetaria.

Todos aqueles participantes que non manifestasen ao xurado o seu desexo de non participación na concesión de premios considerárase que son elixibles para eles.

Artigo 8. *Publicación dos premiados.*

A OIE publicará a lista dos gañadores, de acordo coa decisión tomada polo xurado.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

4372 REAL DECRETO 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do ingreso, dos accesos e da adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décima da citada lei. («BOE» 53, do 2-3-2007.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional sexta establece que, ademais das recollidas na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, son bases do réxime estatutario